

En colaboración con Portos de Galicia

**AULAS NÁUTICAS MEDIOAMBIENTAIS impartirá obradoiros no
FEXDEGA de Vilagarcía de Arousa**

Castrelo de Miño, 18 de Marzo. Do 19 ao 22 de marzo Aulas Náuticas Medioambientais (ANMA) levará a cabo diversos obradoiros no Stand de Portos de Galicia no FEXDEGA en Vilagarcía de Arousa con motivo do "Basket Cup" 2008.

ANMA invita a tódolos nenos a achegarse a coñecernos e a participar nas súas actividades. De 11:00 a 13:00 da mañá de estes catro días, varios formadores de ANMA tratarán cos rapaces o tema da contaminación nos portos e o respecto polo mar e o coidado polo medio ambiente a través de presentacións audiovisuais e diversos obradoiros: de nós, reciclaxe, manualidades, murais, etc...

Aulas Náuticas Medioambientais é un dos proxectos de concienciación de AGAN (Asociación Galega de Actividades Náuticas), que leva dende o 2003 traballando pola difusión da Cultura Mariña Galega entre os máis novos, impartindo, en horario lectivo e non lectivo, e contando con persoal moi especializado, o proxecto ANMA en máis de 48 centros educativos cegando a máis de 6000 alumnos de Educación Infantil e Primaria.